

Resolución da Directora-Xerente de SEAGA pola que se fai pública a asignación provisional de destinos derivada dos procesos selectivos extraordinarios de estabilización da Lei 20/2021 e da oferta pública de emprego 209/2022 e se apertura un novo prazo para a cobertura das vacantes existentes.

Finalizado o prazo de elección de destinos das persoas que superaron os procesos selectivos derivados da Lei 20/2021 e da oferta de emprego 209/2022, ACORDA:

Primeiro: Facer públicos os destinos asignados con carácter provisional ás persoas aspirantes convocadas por resolución de 29 de novembro de 2024 e que figuran no anexo I desta resolución.

Segundo: Abrir un novo prazo de dous (2) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web de SEAGA, para que tódalas persoas aspirantes que figuren en posicións de agarda nas categorías con existencia de vacantes e que se relacionan no anexo II desta resolución, establezan a súa orde de preferencia para a elección de destinos. O feito de convocar a tódalas persoas que figuran en posicións de agarda responde a criterios de eficiencia e celeridade ante a existencia de vacantes, pois a cobertura das mesmas realizarase por estrita orde de prelación derivada das puntuacións do correspondente proceso selectivo.

Non obstante o anterior, non son convocadas neste proceso, aquelas persoas aspirantes que inicialmente figuraban en posicións de agarda e que xa teñan asignado un posto de traballo de acordo co reflectido no anexo I desta resolución.

Terceiro: As persoas que figuran convocadas, deberán remitir debidamente cumprimentado e asinado o anexo III desta resolución en calquera dos seguintes lugares:

- Presencialmente en calquera das oficinas de rexistro da E.P. SEAGA:
 - o Nas oficinas de rexistro de SEAGA, sitas no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, 15.890 Santiago de Compostela - A Coruña, de luns a xoves, en horario de 9:00h a 14:00h e de 15:30h a 17:30h e os venres en horario de 9:00h a 14:00h.



- Nas oficinas de rexistro de SEAGA, de luns a venres, en horario de 9:00h a 14:00 horas, sitas en:
 - Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17, 27003 Lugo.
 - Polígono de San Cibrao das Viñas, Sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), Parcela 1-G, Nave 3, 32911 San Cibrao das Viñas, Ourense.
 - Lugar de Cabanas - Salcedo nº 54, 36143 Pontevedra.
 - Estrada N. VI, Km 581, 15640 Guísamo-Bergondo.
- Electronicamente, desde a sede electrónica da Xunta de Galicia na dirección <https://sede.xunta.gal> empregando o modelo co código PR004A- Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado. En destinatario deberá seleccionar Consellería do Medio Rural e a continuación Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos (SEAGA).

Cuarto. No caso de renunciar, deberá presentar o correspondente documento de renuncia nos mesmos lugares indicados no apartado anterior. De acordo co artigo 11 da Lei 5/2022, aquela persoa aspirante que figure en diversos procesos selectivos de estabilización derivados da Lei 20/2021, deberá comunicar a súa opción e será excluída dos outros procesos, pasando o seu lugar a ser ocupado pola seguinte persoa aspirante, consonte a orde de prelación derivada das puntuacións do proceso selectivo.

Quinto. A adxudicación definitiva de postos resolverase mediante resolución desta Xerencia que se publicará na páxina web de SEAGA e no DOG.

Santiago de Compostela, (na data e hora dixital)

A directora xerente da E.P. SEAGA

